



PRIM'ART

PRIMAVERA DAS ARTES



marzo | abril
maio | xuño
2025

literatura | teatro | música
danza | maxia | premios
exposicións | mostras | concursos

liter´ART

Venres 21 de marzo / 20:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
7º Festival de primavera-Recital de poesía e música

Poesía / Música - Todos os públicos

Duración: 60 minutos - Con invitación

Un ano máis, con motivo do **Día Internacional da Poesía**, celebrouse esta xornada especial para honrar a palabra e a música.

Sábado 5 de abril / 12:30 h / Capela do Balneario


Presentación da novela **“O espírito das maceiras”** de Silvia Tasende

Narrativa - Todos os públicos

Duración: 60 minutos - Con invitación

Acompañará á autora carballesa, a lingüista da USC Gabriela Prego (Arteixo).

Organiza CCA coa colaboración do SM de Cultura



Xoves 10 de abril / 19:30 h / Capela do Balneario

Presentación do libro **“Caminando poesías”** de Graciela Rabuñal

Poesía - Todos os públicos

Duración: 60 minutos - Con invitación

Graciela Rabuñal, natural de Montevideo e residente en Arteixo dende o ano 2015, presenta o seu novo traballo literario despois de publicar *“Una mujer desmesurada”* no ano 2021.

Organiza a autora coa colaboración do SM de Cultura

Venres 16 de maio / 19:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Entrega dos premios do **“34º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía”**

Narrativa / Música - Todos os públicos

Duración: 60 minutos - Con invitación



Nesta cerimonia de entrega de premios daranse a coñecer as obras premiadas da última edición do Certame Manuel Murguía e a nova publicación **“A garza alucinada”** que recolle os relatos premiados dos anos 2022, 2023 e 2024. No acto de entrega participará o **grupo de pandereiteiras da Asociación Xuvenil Xiradela**, como a nosa especial achega á celebración do Día das Letras Galegas.

Venres 17 de maio / 13:30 h / Urbanización Sol y Mar de Oseiro

“Ofrenda floral na honra de Manuel Murguía”

Homenaxe - Todos os públicos

Acto de conmemoración do Día das Letras Galegas organizado pola AVV Manuel Murguía coa colaboración do SM de Cultura.

teatr'ART

Venres 4 de abril / 19:00 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

A meiga da fonte da Escola Galega de Teatro Musical

Teatro profesional - Público familiar e infantil (4-11 anos)


Duración: 45 minutos - Con entrada: 3 € e 2,25 €

A meiga Silva vive nunha fonte que concede desexos á xente de bo corazón. Cada ano, a fada Pupeiriña axúdaa a facer un meigallo para manter os seus poderes, pero ultimamente anda moi distraída co TikTok e o Instagram, xa que pretende ser a primeira fada influencer.

Dirección e adaptación: Sara Fandiño

Autora: Belén Puime

Elenco artístico: Sara Fandiño e Verónica Peiteado



Sábado 5 de abril / 20:00 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Un marido de ida e volta do grupo de teatro Pasapadentro

Teatro afeccionado - Público familiar

Duración: 90 minutos - Con invitación

Pepe, o marido de Leticia, morre repentinamente mentras se prepara para unha festa de disfraces, non sen antes facerlle prometer ao seu mellor amigo, Paco Yepes, que non casará coa súa viúva. Paco non cumpre a súa promesa e, dous anos despois da morte de Pepe, estranos sucesos ocorren na casa.

Autor: Enrique Jardiel Poncela

Tradución e adaptación: Queta Soto

Dirección: Marga Fernández

Elenco artístico: Ofelia Rodríguez, Azucena Souto, Antía Fernández, Juan del Río, Yvonne Rothenbüler, Chus López, Sonia Fernández, Marina Mahía, Fernando López, José Antonio Rodríguez e Marga Fernández

Organiza a Escola de Teatro Melandrainas coa colaboración do SM de Cultura



Venres 11 de abril / 20:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

O pequeno poni de Redrum Teatro

Teatro profesional - Público adulto

Duración: 65 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

Luismi é un neno de nove anos que vai a clase cunha mochila da súa serie de debuxos preferida, "**O meu pequeno poni**". Algo tan inocente esperta as burlas, vexacións e a violencia máis brutal dos seus compañeiros.

Autor: Paco Bezerra

Dirección e adaptación: Álex Sampayo

Elenco artístico: Laura Míguez e Guillermo Carbajo



Sábado 12 de abril / 20:00 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

A boneca da caixa de música do grupo xuvenil COMEDY2

Teatro afeccionado - Todos os públicos

Duración: 60 minutos - Con invitación

Nino, atopa unha vella caixa de música cunha boneca no seu interior que non fala nin se move. Nin a curiosidade polo que hai fóra, nin o saber que ninguén impídelle saír, nin as palabras de ánimo de Nino son quen de espertala do seu letargo.

Autor: Alfonso Zurro

Tradución e adaptación: Queta Soto

Dirección: Antía Fernández

Elenco artístico: Jairo Boedo Leixo, Estela Villar Blanco, Elisa Rodríguez Blanco, Efrén Sande Louro, Mariña Blanco Romero, Mara Martínez Sendón, Inés García De-seárez Alonso



Organiza a Escola de Teatro Melandrainas coa colaboración do SM de Cultura



Venres 9 de maio / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

As desterradas de Producións Teatrais Excéntricas

Teatro profesional - Público adulto (+14 anos)

Duración: 95 minutos - Con entrada: 6 € e 4,50 €

No século XVI unha pequena comunidade de monxas á beira do Miño vese ameazada pola cobiza da xerarquía eclesiástica. Os señores da Igrexa, para rematar coa resistencia das freiras, non dubidan en difamalas e ameazalas por todos os medios, desde o tribunal da inquisición á violencia das mesnadas señoriais.

A obra de Carme Varela foi un fenómeno editorial singular. Chegou ás cinco edicións nun ano insólito para un texto teatral, que foi galardoada co 25º Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais.

Autor: Carme Varela

Dirección e adaptación: Quico Cadaval

Elenco artístico: Belén Constenla, Melania Cruz, Rocío González, Rebeca Montero, Patricia Vázquez e Víctor Mosqueira

Sábados 31 de maio, 7, 14, 21 e 28 de xuño / 20:00 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Representación das obras finalistas do I Certame de Teatro Amador

Premios amArte 2025


Luns 16 de xuño / 20:30 h / Auditorio CCC Arteixo Manuel Murguía

Escenas do Teatro de Valle Inclán. Mostra do Obradoiro Municipal de Teatro

Teatro afeccionado - Todos os públicos

Duración: 60 minutos - Con invitación

O Obradoiro de Teatro Municipal presenta o seu traballo despois de seis meses de práctica. A mostra céntrase en Ramón María del Valle-Inclán, explorando o seu universo artístico a través de escenas cheas de simbolismo e crítica social. Convidámosvos a acompañarnos nesta viaxe teatral, onde a paixón polo teatro e o esforzo do grupo transfórmanse en arte sobre o escenario.



Mércores 18 de xuño / 16:30 h

Visita guiada ao Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

Teatro- Público adulto (+18 anos)

Apuntamentos no SM de Cultura ata o día 16 de xuño.

Sábado 5 de xullo / 20:00 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Yo soy Ophelia do grupo de teatro de adultos

Pasapadentro

Premios amArte 2025

Teatro afeccionado - Público adulto (+12 anos)

Duración: 60 minutos - Con invitación

Nun paralelismo actoral, pasado e presente danse a man para desentrañar o personaxe de Ophelia desde unha visión feminina, reivindicativa e empoderante. Ás veces afrontadas, ás veces complementarias, ás veces mimetizadas, ambas Ophelias irán debullado as súas diatribas en prol de baleirarse internamente para elevar a súa mirada cara a novas posibilidades de vida.

Autora: Queta Soto

Dirección: Marga Fernández

Elenco artístico: Antía Fernández, Ofelia Rodríguez,

Azucena Souto, Chus López e Yvonne Rothembüler

Grupo convidado aos Premios amArte 2025



music'ART

Venres 28 de marzo / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

A banda sonora da túa vida de Los Platinos

Pop - Todos os públicos

Duración: 120 minutos - Con invitación

Los Platinos son unha formación composta por 6 artistas que contan cunha extensa traxectoria musical e profesional. Con este concerto, o público fixo unha viaxe ao pasado da man das cancións e dos artistas que marcaron a música pop dos anos 70, 80 e 90.



Domingo 6 de abril / 17:30 e 18:30 h

Capela do Balneario

Mostra do alumnado de violín da Escola de Música Entresons

Clásica - Todos os públicos

Duración: 45 minutos por sesión - Con invitación

Organiza CCA coa colaboración do SM de Cultura

Domingo 27 de abril / mañá e tarde

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

XXV Concurso de Música Tradicional da AX Xiradela

Tradicional - Todos os públicos

Duración: 2 sesións de mañá e de tarde

O concurso de música está aberto a agrupacións xuvenís, culturais e veciñais, centrándose na modalidade de grupos de pandeireiras/os. Divídese en catro categorías por idades outorgando diferentes premios en cada unha, e incluíndo un recoñecemento ao vestiario tradicional galego para fomentar o seu uso.

Organiza a AX Xiradela coa colaboración do SM de Cultura



Sábado 24 de maio / 19:00 h / Anfiteatro

XXII Encontro de Bandas de Música

Popular - Todos os públicos

Duración: 90 minutos

No seu 25º aniversario a Banda de Música Santiago de Arteixo recibe á Banda de Música Municipal de Celanova, sobranceira agrupación galega fundada no ano 1850.

Organiza a Banda de Música Santiago de Arteixo coa colaboración do SM de Cultura



Venres 30 de maio / 19:00 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

A danza do verán de Xoán Curiel

Música variada - Público infantil (4-10 anos)

Duración: 50 minutos - Con entrada: 3 € e 2,25 €

A danza do verán é un espectáculo moi participativo onde se mesturan música e danza con elementos teatrais e de clown. Un concerto cheo de ritmos e coreografías que nos mergullará nunha divertida festa e nunha celebración do verán. Estilos como rock, pop, reggae ou bossa nova atópanse neste espectáculo con cancións, bailes e moitas dinámicas de participación.

Intérpretes: Xoán Curiel (guitarra, ukelele e voz), Sofía Espiñeira (danzas) e Carlos Freire (percusión)



Venres 6 de xuño / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Concerto de Leria

VIII edición Elas Son Artistas 2025. Ciclo Metropolitano pola Igualdade na Música e nas Artes

Indie - Público adulto

Duración: 60 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

LERIA é un proxecto coruñés que xorde no 2021 nas rúas da Coruña, pasando por diversas salas e bares da cidade. Unha aposta pola música indie en galego. Na primavera de 2024 publican o seu primeiro disco, **Marusía**, un CD que recolle todos os temas do directo destes últimos dous anos. Algúns dos seus referentes son bandas como **Love of Lesbian**, **Ginebras**, **Vetusta Morla** ou **Miss Cafeína**.



Gañadoras do Concurso Novos Valores 2023 do Festigal

Finalistas nos Premios Martín Códax da Música en 2024 na categoría de Mellor Artista Emerxente



Venres 13 de xuño / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Rock 'n' Magic do Mago Teto

Maxia / Música - Todos os públicos

Duración: 60 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

Rock 'n' Magic é un espectáculo que combina as dúas grandes paixóns do Mago Teto: o rock e a maxia. Vai máis alá dun simple show de maxia, converténdose nun auténtico concerto de rock and roll, no que o Mago Teto fusiona ilusións máxicas, humor e xogos de adiviación con música en directo.



Idea orixinal: Héctor Guerra

Dirección artística: Fran Rei

Maxia: Teto

Intérpretes: Mr. Cool (guitarra eléctrica e voces) e Fer Risco (batería)

Venres 20 de xuño / 20:30 h

Anfiteatro

Presentación do disco Lovismo da Banda da Loba

Música en galego - Todos os públicos

Duración: 60 minutos

Lovismo é o traballo co que **A banda da Loba** regresa aos escenarios neste 2025. Sen abandonaren o seu característico estilo caleidoscópico, falarannos de diferentes tipos de amor a través da bachata, o pop ou a música disco, sen deixar de lado a inspiración literaria da que sempre botan man e reivindican. *Lovismo* é unha declaración de amor. Un fío vermello que nos une dende o corazón. *Lovismo* é amor e transformación. E ti, convérteste en Loba?

Intérpretes: Andrea Porto (baixo), Estela Rodríguez (violín), Marcela Porto (percusión), Xiana Las-tra (voz) e Iria de Cabo (guitarra)



A Banda da Loba é gañadora de importantes premios como o Aritmar Galiza e Portugal á mellor canción en lingua galega, que compartiron con Salvador Sobral, gañador da mellor canción en lingua portuguesa.

Deputación da Coruña coa colaboración do SM de Cultura

21 de xuño, Día Europeo da Música

danz'Art

Venres 25 de abril / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Anõa versión trío de Elvi Balboa

Danza contemporánea - Público adulto

Duración: 50 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

ANÕA contéplase como un ritual do noso tempo, que ten a vontade de mostrar a máscara, a vulnerabilidade de cinco corpos en movemento que anhelan chegar ao clímax. Unha experiencia emocional e sensorial onde os intérpretes intentan fuxir dun mundo opresivo e ultra-tecnificado a través da búsqueda da harmonía e a liberación. Unha actuación de danza pensada como un acto de insistencia e resistencia, unha acumulación de enerxía sensual, movemento e voz para lograr unha liberación catártica.

Dirección: Elvi Balboa

Coreografía: Elvi Balboa en colaboración cos intérpretes Marina Capel, Joel Pradas e Joan Aguilà

29 de abril, Día Internacional da Danza

Venres 2 de maio / 18:00 h

Anfiteatro

De mar e danza 2 de Raquel Ferradás e Colectivo

Dexeito

Danza Contemporánea - Público adulto

Duración: 35 minutos

O mar como temática de fondo en dúas pezas de danza para rúa: Mesura de Raquel Ferradás e 77.000 de Colectivo Dexeito. Mesura reflicte a imaxe do mar cando está en calma e 77.000 conta a historia do suceso do Prestige a través da danza.

Dirección, coreografía e elenco artístico: Pablo Vázquez e Saray Amorín (Colectivo Dexeito), Raquel Ferradás



Domingo 11 de maio / 18:00 h/ Paseo do Balneario
(En caso de choiva será no Campo da festa)

XXXVII Día da Muíñeira

Baile tradicional - Todos os públicos

O **Día da Muíñeira**, organizado pola AX Xiradela desde 1987, busca fomentar este baile tradicional galego. Na súa XXXVII edición, o alumnado máis novo de distintas agrupacións interpretan xuntos a muíñeira.

Organiza a AX Xiradela coa colaboración do SM de Cultura



Domingo 1 de xuño / mañá e tarde
Praza do Balneario

IV Festival Arteyshow

Bailes latinos - Todos os públicos

O Festival ArteyShow é un evento cultural no que a danza, a música e a diversión son as principais protagonistas, así o teñen demostrado as tres edicións previas. Durante o festival, os asistentes poden gozar de espectáculos profesionais, actuacións de escolas locais e participar en talleres impartidos por expertos en diferentes estilos de baile, como **salsa, bachata, kizomba e jazz funk**.

Organiza AC Tropicalia coa colaboración do SM de Cultura



expo'ART

Venres 23 de maio / 13:00 h

Praza do Balneario

Entrega de premios do

10º Concurso de Maíos

Promoción das tradicións

Todos os públicos

A Concellaría de Cultura convoca o tradicional Concurso de Maíos, no que as creacións participantes serán expostas na Avenida do Balneario durante esta fin de semana. Co fin de promover a tradición, o respecto á natureza e a creatividade, existen dúas modalidades: o **Maio Tradicional** e o **Maio Artístico**. O prazo de inscrición está aberto ata o 16 de maio de 2025.



Do 18 de marzo ao 2 de abril

Sala de exposicións do CCC de Arteixo

Manuel Murguía

Exposición “XVIII Premio Internacional Jesús Núñez de Arte gráfica 2023”

Consolidado como referente na promoción de novos talentos, este premio naceu para render homenaxe ao artista falecido, Jesús Núñez, figura clave na arte gráfica en España e fundador do Centro da Estampa Contemporánea de Betanzos. Na XVIII edición presentáronse máis de 100 obras de artistas de 20 países, destacando a crecente proxección internacional do certame.




Do 11 ao 29 de abril

Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía

Exposición de pintura de Pilar Alamillo

Pinturas ao óleo con clara tendencia expresionista colorista, utilizando esta como modo de expresión en luces e zonas escuras. A Escola de Artes e Oficios Eusebio da Guarda, foi o principal motor da aprendizaxe desta pintora, especialmente dedicada aos retratos, desenvolvendo plasmar o enfoque con sentimento.



Do 5 ao 24 de maio

Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía
Exposición “XVI Premio Antonio Fraguas de Artesanía 2024”

En consideración á grande importancia que para o desenvolvemento da cultura dun pobo ten a atención a aquelas manifestacións artísticas que forman parte da súa propia esencia, a Deputación da Coruña convoca anualmente o Certame “Antonio Fraguas Fraguas” de artesanía, que con esta mostra nos achega as obras gañadoras presentadas na edición do 2024.



Do 27 de maio ao 4 de xuño

Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía

**Exposición - Mostra Artística
“Cultiva o teu lecer”**

(en colaboración con participantes de actividades sociais do Concello de Arteixo)

Organiza a Concellaría de Maiores, Actividades Sociais e Participación Cidadá coa colaboración do SM de Cultura







Do 9 de xuño ao 4 de xullo

Sala de exposicións do
CCC de Arteixo Manuel Murguía

**Exposición “Capturando a natureza”
de Álvaro Lamas**

Exposición fotográfica que ofrece unha viaxe visual polas paisaxes máis fermosas de Galicia e o norte da Península. O proxecto, ligado a **Lost in Woodlands Photography**, mostra imaxes de Ferrolterra, Ortegal, a Mariña Lucense, Asturias, Cantabria e Navarra, retratadas cunha visión única e persoal. **O venres 13 de xuño ás 18:30 h**, terá lugar a inauguración cun faladoiro e visita guiada polo autor.



CALENDARIO

MARZO

Venres 21: **7º Festival de primavera**-Recital de poesía e música

Venres 28: **A banda sonora da túa vida** de Los Platinos

ABRIL

Venres 4: **A meiga da fonte** da Escola Galega de Teatro Musical

Sábado 5: Presentación da novela **“O espírito das maceiras”** de Silvia Tasende

Sábado 5: **Un marido de ida e volta** do grupo de teatro Pasapadentro

Domingo 6: **Mostra do alumnado de violín** da Escola de Música Entresons

Xoves 10: Presentación do libro **“Caminando poesías”** de Graciela Rabuñal

Venres 11: **O pequeno poni** de Redrum Teatro

Sábado 12: **A boneca da caixa de música** do grupo xuvenil COMEDY2

Venres 25: **Anña versión trío** de Elvi Balboa

Domingo 27: **XXV Concurso de Música Tradicional** da AX Xiradela

MAIO

Venres 2: **De mar e danza 2** de Raquel Ferradás e Colectivo Dexeito

Venres 9: **As Desterradas** de Producións Teatrais Excéntricas

Domingo 11: **XXXVII Día da muiñeira** da AX Xiradela

Venres 16: Entrega dos premios do **“34º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía”**

Venres 23: Entrega de premio do **“10º Concurso de Maíos”**

Sábado 24: **XXII Encontro de Bandas** coa Banda de Música Santiago de Arteixo e a Banda de Música de Celanova

CALENDARIO

Venres 30: **A danza do verán** de Xoán Curiel

Sábado 31: **Representación dunha das obras finalistas** do I Certame de Teatro Amador. Premios [amArte](#) 2025

XUÑO

Domingo 1: **IV Festival Arteyshow** da AC Tropicalia

Venres 6: **Concerto de Leria** (VIII edición Elas Son Artistas 2025 do Ciclo Metropolitano pola Igualdade na Música e nas Artes)

Sábado 7: **Representación dunha das obras finalistas** do I Certame de Teatro Amador. Premios [amArte](#) 2025

Venres 13: **Rock 'n' Magic** do Mago Teto

Sábado 14: **Representación dunha das obras finalistas** do I Certame de Teatro Amador. Premios [amArte](#) 2025

Luns 16: **Escenas do Teatro de Valle Inclán** da Mostra do Obradoiro Municipal de Teatro

Venres 20: Presentación do disco **Lovismo** da Banda da Loba

Sábado 21: **Representación dunha das obras finalistas** do I Certame de Teatro Amador. Premios [amArte](#) 2025

Sábado 28: **Representación dunha das obras finalistas** do I Certame de Teatro Amador. Premios [amArte](#) 2025

XULLO

Sábado 5: Entrega Premios [amArte](#) 2025 e **Yo soy Ophelia** do grupo de teatro Pasapadentro



A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbrales que:

1. Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a **máxima puntualidade**.
2. **Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.**
3. Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
4. **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.**
5. Para realizar **gravacións e tomar fotografías** deberán obter permiso previo da organización.
6. Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomendan as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**
7. **En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por un adulto responsable** dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
8. Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan.
9. En caso de climatoloxía adversa, algunhas das actividades programadas para exteriores, poderán ser trasladadas para o Auditorio do CCC de Arteixo Manuel Murguía.

10. Os espectáculos estarán suxeitos ao **abonamento de entrada ou á recollida de invitación á que todas as persoas teñen dereito**. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

ENTRADAS / INVITACIÓNS



VENTA DE ENTRADAS:

Online (www.eventosarteixo.com) ou o día da función 2 horas antes do seu comezo no local de exhibición até completar a súa capacidade. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa.

O dereito á redución deberá acreditarse documentalmente (ordenanza fiscal nº 34 do Concello de Arteixo)

DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

Online (www.eventosarteixo.com) ou 1 hora antes no local de exhibición até completar a súa capacidade. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.

+INFO

SM de Cultura
CCC de Arteixo Manuel Murguía
R/ Alcalde Baldomero González, s/n
981 659 100
cultura@arteixo.org
www.arteixo.org





Arteixo / Cultura



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Agencia Galega das
Industrias Culturais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Concellería de Maiores,
actividades sociais
e participación cidadá

Asociación Muxeril
**XIRA
DE LA**



AVV Manuel Murguía